

PROGRAMA: "EMPATÍA"

O Concello de Vigo a través dos servizos de Igualdade e Xuventude ten previsto a posta en marcha dun proxecto con iniciativas educativas orientadas ao alumnado da ESO dos centros de ensino de Vigo. Propoñémonos traballar con toda a comunidade educativa; nais, pais e profesorado como principais axentes educadores aparte do traballo directo con mozas e mozos dos IES de Vigo.

A igualdade real entre mulleres e homes é un compromiso firme adquirido pola nosa sociedade. Desde os servizos de Igualdade e Xuventude tentaremos, polo tanto, impulsar iniciativas que nos permitan acadar unha cidadanía que poda mirar no futuro desde o prisma da igualdade.

Con esta intención nace EMPATÍA, un paso máis que profundiza nos valores da xustiza social e non discriminación, no empeño firme de construír dende a democracia unha sociedade para todas e todos.

NATUREZA CENTRAL DO PROXECTO

A adolescencia é unha etapa fundamental no desenvolvemento das persoas, non exenta de conflito e tomas de decisión que a posteriori se transformarán en pasos importantes na construción das identidades, nomeadamente a de xénero.

Mozas e mozos atópanse inmers@s nunha sociedade que lles envía infinidade de estímulos que non sempre son capaces de entender pois mentres o discurso de valores tenta camiñar cara unha situación de crecente igualdade e xustiza social, as mensaxes dos axentes socializadores (Escola, familia, medios de comunicación, etc) seguen ancorados en pensamentos excesivamente tradicionais.

É por todo isto que pensamos que debemos comezar a traballar dende a escola coa mocidade con experiencias que poidan fomentar o espírito crítico no alumnado. Debemos facer visible a situación de discriminación que viven as mulleres para que as novas xeracións poidan aportar o seu graíño na consecución da igualdade real. Isto pasa por traballar actitudes que faciliten a consecución de relacións máis igualitarias entre as persoas, experiencias capaces de aportar novas expectativas no alumnado alén dos prexuízos estereotipados que iniben o libre desenvolvemento das identidades.

Os obxectivos xerais deste proxecto son:

- **Promover entre o alumnado da ESO a cultura da igualdade entre mulleres e homes.**
- **Animar a pais e nais de alumnado da ESO a promover a igualdade desde o fogar**
- **Dar ferramentas ao profesorado para a promoción da igualdade de oportunidades**
- **Formar un grupo de profesionais en educación para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**
- **Ofertar accións educativas de curta duración**

PROGRAMACIÓN DE CONTIDOS

MÓDULO I: TRABALLO CON NAIS , PAIS OU PERSOAS QUE POSÚAN A TUTELA "AXUDANDO A VIVIR NA IGUALDADE"

Sabemos que a familia xoga un importante e decisivo papel na construción da identidade de xénero. Nas etapas mais temperás son pais e nais o referente socializador de fillas e fillos. Coa chegada da adolescencia chega ao tempo unha crecente demanda de autonomía que en moitas ocasións xera situacións de conflito entre proxenitores e descendencia.

Este módulo centrará o seus esforzos en promover sentimentos pensamentos e conduta que podan axudar a nais e pais a desenvolver no seo familiar a cultura da igualdade mediante o exercicio da corresponsabilidade por parte de todas as persoas que forman parte da familia en función das súas necesidades e capacidades.

1.1. CONTIDOS TEMÁTICOS

- A desigualdade no ámbito privado
- Os modelos familiares
- A expresión dos sentimentos
- Falamos de Sexualidade
- Os tempos de lecer: Elección das actividades extra-escolares, os medios de comunicación, internet, xoguetes e videoxogos.

1.2. PERSOAS DESTINATARIAS

Nais e Pais de alcuñado dos IES onde se desenvolva o programa e que estexan interesados en abordar desde a familia o problema da desigualdade entre mulleres e homes.

1.3. TEMPORALIZACIÓN

A duración desta actividade será de 2 h. Non propoñemos un maior número de horas pois normalmente tanto nais como pais non soen dispoñer de moito tempo.

MÓDULO II: FORMACIÓN DO PROFESORADO "IGUALDADE NO CENTRO E NA ACCIÓN TITORIAL"

Este módulo de formación vai dirixido ao profesorado para facilitar o traballo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes desde o aula. Concretamente orientaremos esta acción para conquistar a posta en marcha de accións pro-igualitarias desde as horas de titoría mais tamén xerar unha liña de actividade constante ao longo do ano que faga presente a cultura da igualdade nos centros de ensino.

2.1. CONTIDOS TEMÁTICOS

- Sexo, Xénero e Sexismo
- Escola Mixta vs. Escola Co-educativa
- Contidos e materiais escolares
- A educación afectiva e sexual
- Orientación escolar, vivencial e profesional
- A violencia na escola
- Recursos para o traballo no centro e no aula

2.2. PERSOAS DESTINATARIAS

Profesorado interesado dos centros de ensino onde se desenvolva o programa para a igualdade, fundamentalmente profesorado que teña responsabilidades de titoría, dirección ou educación para a cidadanía.

2.3. TEMPORALIZACIÓN

O curso de formación terá entre 4 e 12 h axustando o contido segundo interese do profesorado e o número de horas elixido.

MÓDULO III: OBRADOIROS PARA O ALUMNADO " TODAS E TODOS"

Como xa comentamos na introdución e se pode ver claramente nas iniciativas presentadas en módulos anteriores os principais destinatarios de estas accións son as mozas e mozos. Tan só o traballo conxunto de toda a comunidade, sumado ás accións puntuais e específicas, pode fomentar no alumnado actitudes igualitarias que melloren a actual situación de discriminación que sofren as mulleres na actualidade na nosa sociedade.

3.1. CONTIDOS.

- PRIMEIRO DA ESO:
 - A discriminación social da muller
 - Roles e estereotipos
 - Habilidades Socio-afectivas
- SEGUNDO DA ESO:
 - Sexo e Xénero
 - Corresponsabilidade
 - Autoestima
- TERCEIRO DA ESO:
 - Corresponsabilidade
 - Que é a sexualidade
 - Relacións amorosas na igualdade
- CUARTO DA ESO
 - A escolla profesional en función do xénero
 - Relacións amorosas na igualdade
 - Os dereitos sexuais

3.2. PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnas e alumnos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto da ESO dos centros de ensino do Concello de Vigo.

3.3. TEMPORALIZACIÓN

Estes obradoiros teñen unha duración de 4 sesións de 50 min cada unha para axustarnos à duración das sesións escolares.

MÓDULO IV: ACCIÓNS EDUCATIVAS DE CURTA DURACIÓN.

Por último e para dotar ao programa de maior flexibilidade en canto ao tempo dispoñible que podan ter calquera dos integrantes da comunidade educativa, ofertamos nesta modalidade unha serie de conferencias sobre temáticas que xiran de redor da igualdade de oportunidades para mulleres e homes. Estas conferencias estarán apoiadas por un material visual desenrolado a través de un editor de presentacións.

4.1. CONFERENCIAS

- A Corresponsabilidade peza clave para a convivencia
- ¿Todo por Amor?
- A violencia de xénero
- As masculinidades: Hai novos homes para o século XXI?
- O Sexismo nos medios de comunicación
- Mulleres na Ciencia

4.2. PERSOAS DESTINATARIAS

Grupo de persoas da comunidade escolar que o desexen.

4.3. TEMPORALIZACIÓN

O tempo estimado para estas actividades é de 50 min.-1h.

PROCEDIMENTO METODOLÓXICO DO PROXECTO

Debido aos obxectivos que se pretenden conquistar e ao tipo de contidos a desenvolver neste proxecto a metodoloxía plantexada é fundamentalmente activa, participativa e bidireccional excepto nas propostas do Módulo IV por tratarse de conferencias.

A partir dos coñecementos, vivencias e actitudes previas, así como do momento bio-psico-social das persoas participantes, procúrase unha aprendizaxe significativa e construtiva, baseada nos intereses, necesidades e capacidades.

As dinámicas plantexadas propician a reflexión persoal e colectiva, o desenvolvemento do espírito crítico, e incitan à investigación, ao diálogo e á comunicación, así como ao manexo de diversas fontes e recursos.